
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
---	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/117-1</b>
<b>Entidade</b>	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE AGUIÑO E RIBEIRA	
<b>Plan explotación</b>	SOLENIDOS	
<b>Réxime</b>	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade</b>	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

<b>Especies</b>	Navalla ( <i>Ensis arcuatus</i> ), longueirón ( <i>Ensis siliqua</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Praia da Ladeira e zonas de libre marisqueo adxacentes ás autorizacións das dúas confrarías (agás o Carreiro)
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona 1: zonas de libre marisqueo da zona interna da Ría de Arousa, limítrofes coas autorizacións de ambas confrarías, agás a zona de O Carreiro. Zona 2: zona de libre marisqueo ao E das Illas de Vionta, Erbosa e Noro. Zona 3: praia de Ladeira

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	43	81
<b>Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup></b>		<b>Si</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	Aguiño ----- 2 ----- Ribeira ----- 1 -----	----- 4 ----- 6 + 2

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		63										
<b>Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup> Zona 3 ( praia da Ladeira): 20 días</b>												
<b>Modalidade <sup>(3)</sup>:</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
					X	X	X	X				
<b>Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup> Zonas 1 e 2: 43 días</b>												
<b>Modalidade <sup>(3)</sup>:</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
			X	X	X	X	X	X				

Topes de captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Mergullador enrolado e a bordo/día</b>
Navalla e longueirón	-	-	15 kg

<b>Artes a empregar</b>	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Zonas de traballo e peiraos de Aguiño e Ribeira
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Aguiño e Ribeira (vendeduría da confraría )



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas: Barreiro – Castro e Salvora												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas: Zona libre archipiélago Sálvora												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Ámbito:** O ámbito deste plan divídese en tres zonas de produción:

- Zona 1: zonas de libre marisqueo da zona interna da Ría de Arousa, limítrofes coas autorizacións de ambas confrarías, agás a zona de O Carreiro.
- Zona 2: zona de libre marisqueo ao E das Illas de Vionta, Erbosa e Noro.
- Zona 3: Praia de Ladeira

A zona 2 atópase na súa totalidade dentro do P.N. Illas Atlánticas

**Participantes:** O listado anexo ao plan inclúe un total de 42 embarcacións cando, conforme aos datos desta Consellería son 41 as embarcacións co recurso navalla-longueirón (Z3) no seu permiso de explotación, autorizadas a traballar neste plan. A embarcación ..... asociada á confraría de Ribeira, non ten renovado a navalla-longueirón (Z3), polo que debe ser excluída do plan. A distribución de embarcacións e cotas é a seguinte:

- 19 asociadas á confraría de Aguiño, con 38 mergulladores
- 21 asociadas á confraría de Ribeira, con 35 mergulladores
- 1 particular, con 1 mergullador.

Ademais, unha vez rematen os procedementos de ampliación abertos, está pendente a incorporación de 2 novas embarcacións, con 4 cotas, na confraría de Aguiño e a incorporación



de 3 mergulladores na confraría de Ribeira. Dado que no plan se produciu unha vacante dunha embarcación con 1 mergullador asociada á confraría de Ribeira e incluída no plan desta, non existe inconveniente algún en que se proceda á cobertura desta vacante, ao non supor un incremento do esforzo. Así, o número de embarcacións autorizadas a traballar neste plan no ano 2011 será de 44 con 82 mergulladores habilitados:

- 21 asociadas á confraría de Aguiño, con 42 mergulladores
- 22 asociadas á confraría de Ribeira, con 39 mergulladores
- 1 particular, con 1 mergullador.

**Ampliación:** Apróbase a proposta de incorporar mergulladores ás embarcacións da confraría de Ribeira que contan cun só mergullador. Por isto, e dado que só 6 das embarcacións autorizadas para traballar neste plan contan con 1 mergullador, autorízase unha ampliación de 6 cotas. No procedemento de ampliación só poderán participar as embarcacións que contan cun só mergullador. Esta ampliación afectará ao plan presentado por esa confraría para a explotación destes recursos nas zonas de autorización administrativa. Dado que no plan se produciu unha vacante dunha embarcación con 1 mergullador asociada á confraría de Ribeira e incluída no plan desta, non existe inconveniente algún en que se proceda á cobertura desta vacante, ao non supor un incremento do esforzo.

Así mesmo, acéptase a incorporación de 2 embarcacións, con 4 mergulladores, asociadas á confraría de Aguiño seleccionadas no procedemento de ampliación aberto para o plan aprobado para a explotación destes recursos nas autorizacións desta confraría.

Deste xeito, todas as embarcacións, e mergulladores, autorizadas para a explotación de navalla-longueirón nos plans presentados por ambas confrarías para as súas respectivas zonas de autorización administrativa, poderán traballar nas zonas de libre marisqueo ao abeiro deste plan conxunto.

**Días máximos de extracción:** O plan establece un máximo de 63 días de extracción ao ano, repartidos segundo as zonas de produción:

- Zona 3 (praia de Ladeira): 20 días
- Zonas 1 e 2: 43 días

**Xestión da explotación:** A organización e xestión da extracción e comercialización correrá a cargo da comisión xestora, que será responsable de facer o seguimento do plan. A proposta feita pola comisión xestora será comunicada á confraría representante do plan para que esta tramite a solicitude ante o Departamento Territorial.

A actividade extractiva dentro das zonas do PN das Illas Atlánticas non poderá simultanearse no mesmo día coa extracción no resto de zonas.

Non poderá realizarse na mesma xornada actividade extractiva nas zonas de autorización e nas zonas de libre marisqueo. No caso de teren autorizada a extracción para o mesmo día para as dúas zonas deberá procederse a anular o día antes das 9.30 horas da mañá para aquela zona na que, por cuestións meteorolóxicas, decidan non ir, co obxecto de que este non compute.

**Puntos de control:** Establécense puntos de control nas zonas de traballo -embarcacións de vixilancia das dúas confrarías- e nos peiraos de Ribeira e Aguiño. As persoas responsables son os vixiantes das confrarías que anotarán as embarcacións que foron traballar, mergulladores, zona de traballo, tempo de permanencia e controlarán cupos e tallas. As capturas serán precintadas e identificadas con un ticket no que conste o nome da embarcación e do mergullador. O paso polos puntos de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo*



*mesmo propietario que a entrega”.*

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior. **A produción procedente das zonas incluídas no PN das Illas Atlánticas, achegarase debidamente identificada.**

**Réxime sancionador:** O incumprimento das normas do plan ou a falla de colaboración nos puntos de control, poderá ser sancionado mediante o procedemento pertinente, segundo os feitos e a gravidade, en base ao réxime sancionador das confrarías ou á Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia.

**Mergullo:** Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

**Plan de seguridade:** Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

**Plan de control:** No caso particular do **emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente**, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose **un ticket nominativo.**

**Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas:** A Administración do P.N. das Illas Atlánticas emitiu informe o día 1 de decembro de 2010 respecto ao plan presentado.

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Designar á confraría representante do plan na súa relación coa administración.